



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza-LUGO
Avda das Fontiñas, 180-Entrechán 27003 LUGO
Tfnos: 982,240,299
Correo electrónico: adegalugo@adega.info

D. Daniel López Vispo, con DNI 33.814.023K, con domicilio, a efectos de notificación en:

Avenida das Fontiñas, 180-Entrechán

27003 LUGO

Tfnos: 982-240299/619808662

en relación ao xacemento arqueolóxico do Castro da Atalaia, de San Cibrao, Concello de Cervo, afectado pola construción dun edificio de 42 vivendas, promovido por Promociones San Ciprian, S.L. e ante a proposta da Delegación Provincial de Cultura de levantar a medida cautelar de paralización das obras, en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, -ADEGA-, e tamén en nome propio, ante a Delegación Provincial de Cultura de Lugo e ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural presenta DENUNCIA polos seguintes

FEITOS:

Primeiro: que, por acordo da Delegación Provincial de Cultura de 1 de Xuño do 2007, -con rexistro de saída do 4/06/2007-, e ante o risco de foi ordenada a paralización cautelar das obras de excavación que a empresa PROMOCIONES SAN CIPRIAN, S.L. estaba a levar a cabo no castro da Atalaia fundamentándose tal paralización en que tais obras estaban a destruír por completo o xacemento arqueolóxico do castro da Atalaia.

Segundo: que, con independencia de que este xacemento arqueolóxico non fora incluído no **Inventario de xacementos arqueolóxicos** da Dirección Xeral do Patrimonio ata o 19/04/2007, dados os reiterados achádegos de material arqueolóxico que se viñan producindo, a súa existencia tiña que ser ben coñecida polo concello de Cervo xa no momento de outorgar a correspondente licenza de obras.

Terceiro: que, a pesares da antedita orde de paralización, as obras non foron paralizadas ata a mediodía do **8/06/2007**, despois de que, por parte dalgúns veciños de Cervo, se procedera a impedir o tránsito dos camións que participaban na excavación, o cal deu lugar á destrución irreparable do xacemento arqueolóxico nunha área duns 1.100 metros cadrados, quedando na parcela das obras uns 370 metros cadrados sem afectación algunha, a maiores doutros 120 metros cadrados que non están afectados pola construción.

Cuarto: Que, a pesares desta paralización cautelar das obras e, polo tanto, da prohibición de seguir extraendo material da parcela afectada, a antedita área duns 370 metros cadrados que quedaba aínda sen afectar no momento da paralización cautelar das obras (Mapa anexo) tamén foi completamente removida durante o mes de Setembro, o que constitúe unha reiterada falta grave de destrución irreparable dun patrimonio arqueolóxico inventariado, sen perxuizo de que, en aplicación dos artigos 323 e 324 do vixente Código Penal, poda este incumplimento da orde de paralización constituir tamén posible delito penal contra o patrimonio histórico.

Quinto: que, con data do 21/11/2007, esa Delegación Provincial de Cultura procedeu a levantar a paralización cautelar das obras, pero **condicionada** *"á presentación dun proxecto arqueolóxico para a realización dunha excavación arqueolóxica en área da zona non afectada."* **Sem embargo, a día de hoxe, xa se teñen reanudado as obras sen que, pola nosa parte, como personados no expediente, teñamos constancia algunha de que teña sido presentado e aprobado dito proxecto de excavación arqueolóxica.**

Polo exposto,

SOLICITA:

Que, a maiores das sancións administrativas que podan corresponder, se poña en coñecemento do Ministerio Fiscal este reiterado desacato do constructor á orde de paralización cautelar das obras co agravante de ter provocado a completa destrución dun xacemento arqueolóxico inventariado.

Que, reiterando escrito anterior de data 23/11/2007 e rexistro de entrada da

mesma data, se manteña a paralización cautelar das obras e se solicite do concello de Cervo ou ante a administración de Xustiza a anulación da correspondente licenza municipal, por canto tén sido outorgada sen contar coa preceptiva autorización da Consellería de Cultura e, polo tanto, en aplicación do disposto no artigo 196 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do medio rural, e artigos 62 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico da Administración Pública e do Procedemento Administrativo Común, tén que ser considerada **nula de pleno dereito**.

En Lugo, a 23 de Novembro do 2006

Asdo: Daniel López Vispo.

SR. DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTES

LUGO